

## **SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.**

No Concello de Láncara, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dez, réunense no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. José Manuel Álvarez Rodríguez, D. Andrés Manuel Caballero López, D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. Carlos Fernández Díaz, D. Arturo Sobrado Castr, D. José Manuel García Aldegunde, D. Celestino Rodríguez González, D. Dario A. Piñeiro López e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.**

**2º.-DECRETOS Nº 27 A 69.**

**3º.-RECURSOS DE REPOSICIÓNS, CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 23-02-2010, SOBRE PANEIS INFORMATIVOS:**

**A) D. JOSE MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA ENTIDADE “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LANCARA”.**

**B) DOMINGO G. ABUIN GARCIA, ADMINISTRADOR E REPRESENTANTE DE VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN, S.L.**

**4º.-LEI 2-/2010 DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002 DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.**

**5º.-ESCRITO DE D. RAMIRO VILA CAPÓN, ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS: EMPRESARIOS E COMERCIANTES DO PÁRAMO, ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CULTURAL E DEPORTIVA “LARES UNIDOS” E COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIOS DE LÁNCARA”, SOBRE DENUNCIA DO CONVENIO DE CESIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO Ó CONCELLO DE LÁNCARA.**

**6º.-ESCRITO DE AUDING-INTRAESA EN UTE COA EMPRESA MARTÍNEZ-SEGOVIA, ADXUDICATARIA DO CONTRATO DO MINISTERIO DE FOMENTO-DIRECCIÓN XENERAL DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS PARA A REDACCIÓN DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO CORREDOR NORTE-NOROESTE**

**DE ALTA VELOCIDAD. LÍNEA DE ALTA VELOCIDAD MADRID-GALICIA”; SOLICITANDO INFORMACIÓN.**

**7°.-CONTA ANUAL DE RECADACIÓN 2009, REMITIDA POLO SERVIZO DE RECADACIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.**

**8°.-INFORMES DAS COMISIÓNS NOMEADAS POLO PLENO, SOBRE:**

**-CAMIÑO DA ESTRADA DE POBRA-FUXON A CASA TEIXEIRO EN SAN JUAN DE MURO, PETICIONARIO D. JOSÉ LÓPEZ VILLAR.**

**-CAMIÑO DA ESTRADA POBRA-BARALLA A LAXES EN BANDE, PETICIONARIO Dª MARIA LUISA LÓPEZ RODRIGUEZ.**

**9°.-DEPLAT, S.L., ALTAS E MODIFICACIÓNS DE URBANA.**

**10°.-MOCIÓNS DO BNG:**

**MOCIÓN PARA RECLAMAR A COBERTURA TOTAL DA TDT NO TERRITORIO DO CONCELLO.**

**MOCIÓN SOBRE A SINALIZACIÓN DAS AREAS RECREATIVAS DO CONCELLO.**

**MOCIÓN SOBRE A SINALIZACIÓN DO MIRADOR DE PEDREIRA**

**11°.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ, SOBRE ORGANIZACIÓN XII FEIRA DE DEGUSTACIÓN DE TERNEIRA GALEGA”.**

**12°.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ, SOBRE HONORARIOS PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICA EN CARRACEDO E ACONDICIONAMENTO DA PONTE ROMANA DE CARRACEDO EN LÁNCARA.**

**13°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**1°.-LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.**

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de febreiro de dous mil dez, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

**2°.-DECRETOS Nº 27 A 69.**

Vistos os decretos epigrafiados.

Polo Voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López pide aclaración sobre o decreto Nº 61 no referente ás dietas dos Concelleiros consideran que hai dietas mal pagadas e por tanto hai dietas mal percibidas, incluíndo unha dieta que se lle pagou a el, razón pola que non asina o xustificante, polo que pide unha reunión urxente dos voceiros de tódolos grupos políticos para analizar tódolos xustificantes das dietas

percibidas e, en caso de non aprobarse isto, solicitará a celebración dunha sesión urxente para tratar este asunto.

Por parte do Sr. Alcalde manifiéitase que poida que exista algún erro, pero dito erro foi totalmente involuntario e que hai que solucionalo de existir e solicitaráselle información ó Administrativo do Concello que é o responsable de preparar os pagos das dietas e, polo tanto, quen debe aclarar estes pagos.

O Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Que o xoves día seis de maio ás doce horas reunirse os voceiros dos grupos políticos, para estudar o expediente das dietas, sin facer falla notificación ós interesados.

2º.-Comunicarlle ó funcionario D. Gerardo Sobrado Ventosinos que aporte a documentación xustificativa das dietas pagadas.

3º.- Darse por enterado dos decretos , ratificando os mesmos excepto o Nº 61, ó obxecto de estudo como queda reflexado anteriormente.

### **3º.-RECURSOS DE REPOSICIÓNS, CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 23-02-2010, SOBRE PANEIS INFORMATIVOS:**

#### **A) D. JOSE MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, EN CALIDADE DE PRESIDENTE DA ENTIDADE “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIO DE LANCARA”.**

Visto o escrito presentado por D. José M. López Rodríguez, en calidade de Presidente da “Asociación de Comerciantes e Empresarios do Municipio de Lánara”, sobre recurso de reposición interposto contra acordo plenario de data 23-02-2010.

Lido integramente o recurso polo Sr. Secretario.

Aberto o debate, por parte do Voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López quere manifestar que no referente a este colectivo o Concello debe colaborar a hora de retirar a pancarta e recolocala, de ser posible facelo cos traballadores do Concello, xa que é unha pancarta dunhas dimensión moi pequenas e este colectivo o único que pretende é fomentar o comercio no Concello de Lánara e de forma especial na Pobra de S. Xiao.

Polo Sr. Alcalde contéstaselle que ninguén se opuxo a que se colabore con este colectivo, pero hai un acordo e todos o deben cumprir por igual, independentemente de que logo se estudie a súa ubicación e se colabore, se é posible na súa recolocación.

Despois de discutir longamente este asunto o Pleno por unanimidade,

**ACORDOU:**

1º.-Rexeitar o recurso ratificando plenamente o acordo tomado na sesión de 23-02-2020, sobre este asunto, independentemente de que ó ser un colectivo sin ánimo de lucro o Concello colabore na súa colocación.

2º.-Facer tódalas xestións necesarias para ver a legalidade das novas pancartas sobre dimensións e colocación.

3º.-Unha vez que se retiren as pancartas remitirlles a tódolas empresas a documentación que solicitaron ó respecto.

4º.-Solicitarlle informe á Aparelladora sobre as características do solo.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou persoa en quen delega, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**B) DOMINGO G. ABUIN GARCIA, ADMINISTRADOR E REPRESENTANTE DE VISUAL SOPORTS PARA COMUNICACIÓN ,S.L.**

Visto o escrito epigrafiado.

Lido integramente o recurso polo Sr. Secretario.

Despois de discutir este asunto o Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Rexeitar o recurso ratificando plenamente o acordo tomado na sesión de 23-02-2020, sobre este asunto.

2º.-Facer tódalas xestións necesarias para ver a legalidade das novas pancartas sobre dimensións e colocación.

3º.-Unha vez que se retiren as pancartas remitirlles a tódolas empresas a documentación que solicitaron ó respecto.

4º.-Solicitarlle informe á Aparelladora sobre as características do solo.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou persoa en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**4º.-LEI 2-/2010 DO 25 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002 DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA.**

Polo Sr. Secretario, infórmase que no D.O.G N° 61 do día 31 de marzo de 2010, publícase a Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.- Remitir unha copia da Lei 2/2010 a cada Concelleiro, para que poidan examinar a mesma, e poder analizar o seu contido.

2º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou persoa en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**5º.-ESCRITO DE D. RAMIRO VILA CAPÓN, ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS: EMPRESARIOS E COMERCIANTES DO PÁRAMO, ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CULTURAL E DEPORTIVA “LARES UNIDOS” E COMERCIANTES E EMPRESARIOS DO MUNICIPIOS DE LÁNCARA”, SOBRE DENUNCIA DO CONVENIO DE CESIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO Ó CONCELLO DE LÁNCARA.**

Visto o expediente epigrafiado .

Visto o convenio suscrito no seu día.

Visto que no propio convenio se recolle que calquera das parte pode denunciar o convenio opoñéndose ás prórrogas.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Aceptar a denuncia presentada.

2º.-Deixar sin efecto o convenio con data 30-06-2010, data en que remata a primeira prórroga.

3º.-Comunicarlle ó denunciante do convenio que a partir desa data debe retirar os ordenadores, facéndose cargo dos mesmos nun prazo breve de tempo.

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde, ou persoa en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**6º.-ESCRITO DE AUDING-INTRAESA EN UTE COA EMPRESA MARTÍNEZ-SEGOVIA, ADXUDICATARIA DO CONTRATO DO MINISTERIO DE FOMENTO-DIRECCIÓN XENERAL DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS PARA A REDACCIÓN DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO CORREDOR NORTE-NOROESTE DE ALTA VELOCIDAD. LÍNEA DE ALTA VELOCIDAD MADRID-GALICIA”; SOLICITANDO INFORMACIÓN.**

Visto o escrito epigrafiado.

Polo Sr. Alcalde infórmase que os veciños de Ronfe e as Cortes mandóuselles unha copia do mesmo para que teñan coñecemento deste e traian ó Concello os datos que queiran que se aporten

Tamén manifesta que nas Cortes por parte do Ministerio de Fomento ou RENFE expropiouse “casa catón”, quedando na actualidade o hórreo e un pozo de barrena duns 40 metros de profundidade e unha porción de terreo no seu entorno, que no futuro podería servir para unha área recreativa, polo que propón ó Pleno solicitar estes terreos para tal finalidade.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Colaborar cos veciños da zona en todo o que sexa posible para defender os seus intereses.

2º.-Solicitar ó Ministerio de Fomento a cesión gratuita de: o hórreo, o pozo de barrena duns 40 metros de profundidade e a porción de terreo do seu entorno, para unha área recreativa, a construír cando rematen as obras do túnel.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde, ou persoa en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**7º.-CONTA ANUAL DE RECADACIÓN 2009, REMITIDA POLO SERVIZO DE RECADACIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Vista a conta de recadación no 2009, remitida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

Visto que os ingresos recollidos na mesma coinciden na súa totalidade cos ingresos realizados na contabilidade.

Visto que nos concpetos de baixas obsérvase que non se especifica a causa das mesmas, cousa que xa pasaba na conta do ano pasado, informando xa o ano pasado este servizo que era un campo que a aplicación informática da que dispon a Deputación non grava este concepto.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Tomar razón da recepción desta conta.

2º.-No referente ó concepto de baixas poñer novamente de manifiesto que a titulo informativo debe constar a causa da baixa, xa que en caso contrario do expediente non se pode deducir cal foi a causa, e sería incoherente por este organo poñer algún reparo por este concepto.

3º.-No referente ás baixas non facer pronunciamento algún ó non ter coñecemento da causa das mesmas.

4º.-Remitir certificación deste acordo ó Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación.

**8º.-INFORMES DAS COMISIÓNS NOMEADAS POLO PLENO, SOBRE:**

**-CAMIÑO DA ESTRADA DA POBRA-FUXÓN Á CASA TEIXEIRO EN SAN JUAN DE MURO, PETICIONARIO D. JOSÉ LÓPEZ VILLAR.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que a Comisión nomeada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 17-02-2010 non fixo o informe correspondente, causa pola que este asunto non se pode tratar.

Polo voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López pon de manifesto que tanto o Alcalde como o Concelleiro por esa comisión non poden cobrar, xa que esa comisión non é legal, xa que tiñan que estar representados tódolos partidos políticos.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Deixar o asunto sobre a mesa en tanto non se dispoña do informe correspondente.

2º.- Esixir á comisión nomeada que fagan o informe correspondente.

3º.-No referente ó cobro das comisión tratalo na reunión a celebrar o día 6 de maio.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou Concelleiro en quen delege, para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**-CAMIÑO DA ESTRADA POBRA-BARALLA A LAXES EN BANDE, PETICIONARIO Dª MARIA LUISA LÓPEZ RODRIGUEZ.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto o informe da Comisión, que copiado literalmente di:

**ASUNTO: Camiño de Laxes.**

**Informe da comisión nomeada polo Pleno en Sesión celebrada o 23 de febreiro de 2010:**

**Membros da comisión:**

Presidente: D. José Manuel Neira Castro en nome e representación do Sr. Alcalde..

Vocais:

Carlos Fernández Díaz, de Terra Galega

Darío Antonio Piñeiro López, do PSOE

Carlos López Sierra, do BNG.

Técnico Municipal: Marcos Vázquez Marey.

Técnico director da obra: Oscar Iravedra Portela.

Fedatario da corporación:

José López Castro, Secretario Interventor do Concello.

Tamén asistiu o contratista da obra do camiño, non da explanada de entrada ás casas.

Na visita efectuada o día 3 de marzo de 2010, compróbanse por parte da comisión esencialmente dous feitos diferenciados: o primeiro referido ao estado da pista que conduce dende a estrada A Pobra-Baralla

ás casas de Laxes (en Bande) incluída no Plan E 2009, e o segundo, o formigonado e colocación de tubos nas entradas das dúas únicas casas do lugar, polo tanto, procédese á descripción do observado:

### **PRIMEIRO, do camiño de Laxes**

É unánime a opinión da comisión observando que o camiño cubre sobradamente as necesidades presentes e futuras das dúas casas, e na actualidade atópase en bo estado de tránsito (con capa de rodadura en acabado betuminoso), cunha anchura da mesma non inferior a 4 metros, e cunha anchura total (capa de rodadura máis cunetas) de 7, adaptándose o proxecto incluído e subvencionado polo PlanE 2009. Cabe subliñar que existen dúas árbores (nogueiras) de pequeno porte, entorno a un metro, (recién plantadas ou de explotación espontánea), unha a cada marxe do camiño de acceso ás casas a uns 20 metros da entrada das mesmas, que si ben na actualidade non causan danos nin impedimentos ao tránsito, no futuro, de progresar, si o farán, polo que se deberían eliminar ben cortándoos ou trasprantándoos.

### **SEGUNDO, da entrada ás dúas casas**

Obsérvase unha pavimentación en formigón en masa nunha superficie aproximada de 55 m<sup>2</sup>, e colocación de tubos de polietileno (diámetro 350 mm) para recoller augas na transversal do camiño xusto ao seu remate onde comeza a explanada de formigón, e os outros límites son os do perímetro das propiedades privadas. Obsérvase tamén algunha greta no formigón no seu borde nor-este (lindando coa propiedade de María Luisa Rodríguez López, que puideron ser debidas á falta de compactación suficiente da base antes da aplicación do formigón, xa que tamén se aprecia un recheo de terra neste linde previo á aplicación do formigonado.

Considerando a comisión que o remate da explanada por onde linda coa propiedade de María Luisa Rodríguez López debería ser mellorado de mutuo acordo coa propietaria.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asinan esta acta, en Láncara a 22 de abril de 2010.

Visto o informe técnico de D. Marcos Vázquez Marey, que copiado literalmente di:

Marcos Vázquez Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Láncara, con titulación de Enxeñeiro Técnico Agrícola (Colexiado nº 510) actuando como traballador deste Concello e segundo nomeamento do Pleno do Concello celebrado o 23 de febreiro de 2010, solicítaseme elaborar Informe Pericial con motivación inicial provocada polo escrito presentado por D<sup>a</sup> María Luisa Rodríguez López, DNI 33824396K, veciña da Coruña r/Miramar nº 3 baixo B, 15006, referido a afeccións por prantación da finca parcela 235 do polígono 6, e tamén na finca polígono 6, parcela 224. Acepto o encargo, e tras desprazarme ata o lugar acompañado polo Sr. Alcalde, D. Eladio Capón López, e en coñecemento do artigo 335 da Lei de Enxuzamento Civil, emito o seguinte:

### **INFORME**

#### **INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES**

Como se citou anteriormente, este informe está inicialmente motivado polo escrito presentado por D<sup>a</sup> María Luisa Rodríguez López, o día 17 de novembro de 2008 no rexistro oficial destas oficinas municipais. O día 26 de novembro de 2008, xa se realizou unha visita á parcela 197 do polígono 6 acompañado de D. Darío Antonio Piñeiro López, Alcalde naquel intre, e o Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro, non visitándose a parcela 224 nin 220 do mesmo polígono, tomándose fotografías e tomando notas recordatorias ao respecto. Polo tanto, o informe que segue, limitarase a responder ao requerido no punto 10 do Pleno do Concello de Láncara celebrado o día 23 de febreiro de 2010, onde se informa explicitamente por parte do Secretario-Interventor do Concello, D. José López Castro, que ha de existir un informe técnico sobre as distancias das plantacións, biomasa e sobre antigüedad de plantación, manifestando ao respecto o Sr. Alcalde, D. Eladio Capón López, que o Informe Pericial sexa redactado polo que suscribe, Marcos Vázquez Marey, como técnico municipal.

## **MATERIAL E MÉTODOS**

### **Para a determinación de distancias**

Realizarase a comprobación directa no terreo, medindo con cinta profesional, e comprobando no visor do sistema de información xeográfica da política agraria común (SIXPAC).

### **Para a determinación da idade das árbores**

Inicialmente realizarase unha inspección visual, contando os planos de exploración de varias prantas, observando o seu tamaño, e medindo o seu diámetro (mediante calibre profesional da casa Still) método que resulta altamente impreciso, polo que a a variación pode estimarse ata incluso en dous anos. Polo tanto, si se require unha precisión superior, quedan propostos varios métodos:

#### **Non destructivos:**

Medicións sucesivas no tempo do diámetro da árbore, para determinar o seu crecemento anual por comparación con curvas de crecemento para a especie.

#### **Destructivos:**

Conteo de aneis de crecemento.

Análise mediante radiocarbono para comparar o nivel de C14 nos aneis de crecemento co nivel existente no aire.

Feridas no cámbium. Este método é especialmente útil para determinar o ritmo de crecemento das árbores que carecen de aneis visibles.

Para determinar a idade por algún dos métodos citados que requiran de laboratorio, poderase acudir ao:

CENTRO DE FORMACIÓN Y EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE LOURIZÁN  
Carretera de Marín, Km. 4-Cocheras/Lourizán 36153-PONTEVEDRA  
Tf. 986805088- Fax 986805086 e-mail: [escuela@escuelalourizan.es](mailto:escuela@escuelalourizan.es)

## **RESULTADOS E DISCUSIÓN:**

A distancia da prantación da parcela 197 do polígono 6 polo sur-oeste da casa propiedade de D<sup>a</sup> María Luisa Rodríguez: 53 metros.

A distancia da prantación da parcela 197 do polígono 6 polo sur-oeste ao peche perimetral da casa propiedade de D<sup>a</sup> María Luisa Rodríguez: 37 metros.

A distancia da biomasa existente na parcela 197 do polígono 6, polo nor-oeste da casa propiedade de D<sup>a</sup> María Luisa Rodríguez: 9 metros.

A distancia da prantación da parcela 224 do polígono 6, ó linda coa parcela 230 do mesmo polígono: na esquina sur oeste da parcela 224 do polígono 6, coincidente co linde nor-oeste da parcela 230 do mesmo polígono: 10 metros, e na esquina nor-este da parcela 230 do polígono 6, 3.1 metros.

Idade aproximada das árbores da parcela 224 do polígono 6, determinada segundo o método citado: de 6 a 8 anos., o seu diámetro medio 80 mm.

Idade aproximada das árbores da parcela 197 do polígono 6, determinada segundo o método citado: de 9 a 11 anos, o seu diámetro medio 305 mm..



## **CONCLUSIÓN:**

A que se deduza da aplicación da normativa citada no Pleno do Concello de Lánara, que motivou este informe.

E o que Informo ao pleno do Concello, para que tome as medidas que estime oportunas, en Lánara, a 22 de abril de 2010.

Por parte do Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro, manifesta que se absten neste asunto, por ser parte interesada.

O Pleno por maioría, absoluta (10 de 11) ó votar a favor o resto dos Concelleiros,

### **ACORDOU:**

1º.-Considerar que o camiño de acceso da Estrada Pobra-Baralla a Laxes, axustouse plenamente ó proxecto técnico e que está executado con subxeción o mesmo.

2º.-No referente ás árbores existentes nas dúas cunetas que os propietarios das fincas colindantes deben talar ou transplantar as mesmas, tendo en conta as súas pequenas dimensións o non perxudicar o tránsito por dito camiño, concederlles ata o 31-12-2010, prazo para que estas árbores sexan transplantadas ou taladas.

3º.-No referente á explanada de formigón existente á entrada de ambas dúas casas mellorala na zona que linda co terreo existente diante da casa de M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez López, pero sempre coa autorización e consentimento , por escrito, da súa propietaria.

4º.-No referente ós tubos, considerar que a súa ubicación é correcta e se non se soterraron máis foi porque non o permite o terreo, e as dimensións dos mesmos son as adecuadas.

5º.-No referente ás plantacións, considerar que o Concello non é competente para resolver sobre este asunto, o ter as mesmas unha antigüidade superior á entrada en vigor da ordenanza municipal, e por conseguinte se un asunto de competencia da Consellería do Medio Rural.

6º.-No referente á biomasa existen no entorno da vivenda de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez López requerirlle tanto á propietaria da mesma, como ós propietarios da finca colindante polo fronte da casa que deben rozar a maleza existente no entorno da casa dentro da finca propiedade de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Rodríguez López, maleza que debe estar retirada antes do mes de xullo, polo perigo que supón para o caso de que axa un incendio, e en caso de non facelo enviar comunicación á Delegación da Consellería de Medio Rural.

7º.-Dar traslado deste acordo a tódolas partes afectadas e interesadas no mesmo.

8º.-Facultar ó Sr. Alcalde, ou Concelleiro en que delegue, para levar a cabo tódolos trámties relacionados con este asunto.

### **9º.-DEPLAT, S.L., ALTAS E MODIFICACIÓNS DE URBANA.**

Vista a relación da altas.

Vista a factura N<sup>o</sup> 22/10 da empresa Deplat, S.L., por importe de 2.397,72 €, correspondente á tramitación de 39 alteracións de orde físico-económico incorporadas ó padrón de I.B.I.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación á factura Nº 22/10, por importe de 2.397,72 €.

2º.-No referente ás altas débense recoller as modificación sufridas polas transmisións de propiedades, e corrixir o número do edificio ó ser este incorrecto.

**10º.-MOCIÓNS DO BNG:**

**MOCIÓN PARA RECLAMAR A COBERTURA TOTAL DA TDT NO TERRITORIO DO CONCELLO.**

Lida a moción integramente polo Sr. Secretario.

Por parte do promotor da mesma explícase que todo o mundo debe ver a televisión, sin ter que pagar, para o caso de que non se vexa con TDT.

Por parte do Sr. Alcalde infórmase que están facendo xestións coa Xunta para colocar posiblemente unha antena na Penaboa, coa finalidade de que a pague a Xunta e o Estado Central, a valoración estaa facendo “Tenente”, empresa capacitada para este asunto.

E con referencia a outros lugares que non vexan a televisión non chamou ninguén por estas causa.

O Pleno, por unanimidade,

1º.-Prestou aprobación a dita moción.

2º.-Facer as xestións necesarias e posibles para a solución deste asunto.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacinados con este asunto.

**MOCIÓN SOBRE A SINALIZACIÓN DAS ÁREAS RECREATIVAS DO CONCELLO.**

Lida a moción polo Sr. Scretario.

Por parte do promotor manifesta que se deben sinalizar as áreas recreativas debidamente.

Por parte do Sr. Alcalde respótaselle que recentemente se estivo sinalizando todo o Término Municipal e que haberá que ver si falta algún sinal para poñelo, e en caso de que estén postos non é necesario senalizar de novo.

O Pleno, por unanimidade,

1º.-Prestou aprobación a dita moción.

2º.-Ver os sinais necesarios para esta sinalización.

**MOCIÓN SOBRE A SINALIZACIÓN DO MIRADOR DE PEDREIRA**

Lida a moción polo Sr. Scretario.

Por parte do promotor manifesta que se debe senalizar adecuadamente o mirador da Pedreira.

Por parte do Sr. Alcalde respótaselle que recentemente se estivo sinalizando todo o Término Municipal e que haberá que ver si falta algún sinal para poñelo.

O Pleno, por unanimidade,

1º.-Prestou aprobación a dita moción.

2º.-Ver o sinais necesarios para esta sinalización.

**11º.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ, SOBRE ORGANIZACIÓN XII FEIRA DE DEGUSTACIÓN DE TERNEIRA GALEGA”.**

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dezasete de abril de dous mil dez, sobre organización da XII feira de “Degustación de Terneira Galega”.

Por parte do Voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, manifesta:

1º.-Que en relación as autoridades invitadas non lle parece coherente que se invite ó Presidente Provincial do partido P.P. e non se invite ós presidentes dos outros dous partidos (PSG-PSOE e BNG), xa que débese ter en conta a todos por igual.

Por parte do Sr. Alcalde constéstaselle que el invitou ó Presidente Provincial do partido P.P. e que si os outros representantes do Concello querían que se invitasen ós Secretarios Provinciais dos seus partidos co manifestaran como fixo el noutras ocasións, xa que eso é un tema de partido.

2º.-Que debería estar invitado o Vicepresidente Primeiro da Deputación.

Por parte do Sr. Alcalde manifesta que se invitou ó Presidente e que non hai ningún problema en que se invite ó Vicepresidente.

3º.- Que inda que non recibiron invitación para os actos do día dous, salvo causas de forza maior el vai asistir os actos.

Por parte do Sr. Alcalde maniféstase que ós actos do día dous está invitada toda a Corporación, que si non recibiron a invitación sería por retraso nos trámites administrativos, non obstante aproveita este momento para facer esta invitación de forma oficial e formal a toda a Corporación.

O Pleno por unanimidade,

Dase por enterado de dito acordo así como da invitación para os actos do día dous.

**12º.-ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DEZASEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ, SOBRE HONORARIOS PROXECTO DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA CONSISTORIAL PARA CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICA EN CARRACEDO E ACONDICIONAMENTO DA PONTE ROMANA DE CARRACEDO EN LÁNCARA.**

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día dezasete de abril de dous mil dez, sobre honorarios proxecto de execución de rehabilitación da antiga casa Consistorial para centro de interpretación histórica en Carracedo e acondicionamento do Ponte Romano de Carracedo en Láncara.

Por parte do Sr. Alcalde infórmase que os redactores do “proxecto de execución de rehabilitación da antiga casa consistorial para centro de interpretación histórica en Carracedo e acondicionamento da ponte Romana de Carracedo en Láncara”, na oferta última que fixeron non rebaixan para nada a oferta deste anteprojecto, propoñendo uns honorarios semellantes para a modificación que se pretende facer, polo que considera estes honorarios totalmente excesivos, propoñendo que se lles faga unha oferta económica para pagar os honorarios do anteprojecto, que na súa opinión entende que son máis que suficientes 7.000,00 € por tódolos conceptos para os dous técnicos, incluídos impostos.

Sobre o novo proxecto modificado encargalo on novo redactor.

Por parte do Vocero do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López manifesta que na súa opinión deberase executar o proxecto como fora subvencionado e recordar unha vez máis que se perdeu a oportunidade de facer unha gran obra, así como as subvencións tanto de Agader como da Deputación, tendo en conta que na sesión pasada o Equipo de Goberno votou en contra dunha moción presentada polo BNG, e pagar os proxectos.

Por parte do Sr. Alcalde maniféstanos que só hai a subvención de Agadez e o Concello non pode afrontar a financiación do resto da obra.

Intervén o voceiro do BNG quen manifesta que a Deputación estaba e está disposta a aportar unha boa cantidade de diñeiro para esta finalidade, xa que o día que se presentou a moción de censura íase asinar un convenio co Vicepresidente da Deputación.

Despois de deliberar sobre este asunto, sometido a votación: o Pleno por maioría absoluta, ó votar a favor os 4 Concelleiros do P.P. e os 2 do TEGA, absténdose o resto dos Concelleiros (4 do PSG-PSOE e 1 do BNG),

#### ACORDOU:

1º.- Ofrecerlles ós redactores, dos anteprojectos 7.000,00 € por tódolos conceptos para os dous técnicos, incluídos impostos.

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

### **13º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Por parte do Concelleiro D. Arturo Sobrado Castro, fai os seguintes :

#### **ROGOS:**

A) Que por parte do Concello de Lánacara inste ós Sergas a que, á maior brevidade posible, acondicione a parte exterior do Centro de Saúde de Pobra de San Xiao, á vez que por parte de dito organismo proceda á limpeza das “pintadas” existentes en dito edificio”

B) Que por parte do Concello de Lánacara inste ó Ministro de Fomento a que, á maior brevidade posible, acondicione a parte exterior da estación de Ferrocarril de Pobra de San Xiao, á vez que por parte de dito Ministerio se proceda á limpeza das “pintadas” existentes en dito edificio.

#### **PREGUNTAS:**

Polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López pregunta ¿ Como está o Plan Xeral?.

Por parte do Sr. Alcalde contéstaselle que o día 20-04-2010 foron a Santiago falar coa directora Xeral de Urbanismo el e o Concelleiro de Obras Carlos Fernández Díaz, acompañados polo redactor do Plan Antonio de Vega, manifestando á Directora que debe cambiar algo do proxecto presentado, entre outras cousas, reducir zonas de expansión na zona rural e poñer as parcelas de 1.000 m, para novas edificacións nesta zona, e sacar solo urbanizable no núcleo urbano.

¿ Como está o asuntos sobre a colocación dos sinais do corredor, xa que no último Pleno díxose por parte do Sr. Alcalde que era inminente a súa colocación?.

O Sr. Alcalde maniféstalle que el preguntou fai dous días por este asunto e díxoselle que estaban encargadas.

¿Cántos teléfonos hai a cargo do Concello de Concelleiros?.

O Sr Alcalde respóstalle que catro: Sr. Alcalde; 1º Teniente de Alcalde (Ricardo); Concelleiro de Obras (Carlos); Concelleiro de Cultura e Deportes (Andres)

Pregúntalle o Concelleiro José M. Neira Castro ¿Por qué siguen as máquinas dos empresarios de Láncara paradas nas paleiras?, xa que na Xunta de Goberno Local séguense adxudicando obras a empresas de fora do Concello, asunto que este Concelleiro criticaba cando estaba gobernando o anterior equipo de goberno.

Por parte do Concelleiro José M. Neira Castro, maniféstalle que os empresarios de Láncara na actualidade están facendo obras no Concello, outras adxudícanse a empresas de fóra, xa que dentro do Concello tampouco hai tantas con sede social no Concello, e hai que respetar a lexislación.

Finalmente pregunta: ¿Polo albaran ou factura da limpeza de Armea de Abaixo (Casa Cacharreiro as Campas)?.

Respostándolle o Sr. Alcalde que se lle remitirá fotocopia da mesma.

O Concelleiro Arturo Sobrado Castro, pregunta

¿Polo escrito presentado o 18-02-2010, ó obxeto de ver o rexistro de entradas e saídas?.

Polo Sr. Alcalde respóstalle que reitera unha vez máis que esta documentación pode ser examinada polos Concelleiros cando o consideren oportuno, non obstante si necesitan copia, deben solicitalo por escrito e autorizalo este Alcalde.

Finalmente por parte de D. Dario A. Piñeiro López quere dar as grazas polo informe que se fixo polo Secretario-Interventor sobre o que cobrou mentres foi Alcalde, así como o Sr. Alcalde por remitilo a tódolos Concellieros, tal como el pedira.

A continuación pregunta ¿ Si algún Concelleiro sabe que el pedira ou collera cartos do Concello para pagar o pienso das vacas?.

Por parte do Concelleiro José M. Alvarez Rodríguez manifesta que non está disposto a que se formule esta pregunta de forma xenérica, xa que debe dirixila a quen manifestou ou lle dixeron que manifestara este comentario.

Respostándolle o Concelleiro Dario A. Piñeiro López, que pide disculpas e formula a seguinte pregunta o Concelleiro Ricardo Núñez ¿Si el lle pediu algunha vez diñeiro para pagar o pienso?

Contestando o Concelleiro Ricardo Núñez que el nin lle prestou nin fixo este comentario, que si algún lle dixo esto que o traía aquí para o próximo Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as vinte e tres horas, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.